

Fantasia e Maxia

Soir mundos fantásticos, traspasar os límites da realidade ou crear personaxes con poderes sobrenaturais, conferidos polos deuses, son só algunhas das liñas que guían a historia que dunha forma singular entretece Pepe Carballude (Rubín, A Estrada 1956) e que leva por título *O talismán dos druídas*.

Baixo a consigna “sempre un está a tempo de aprender algo novo” crea o autor un entramado de accións e actuacións de certo sabor tolkiano. Ademais dalgún que outro detalle que nolo recorda, aquí tamén temos a un elixido que con forza, ánimo e intelixencia deberá facerse co talismán que protexa os habitantes do castro de Amarelle do ataque do pobo romano.

A pesar do inicial rexeitamento dos consellos do vello e cego druída Aristides ao que non dan creto hai xa moito tempo, o seu xove discípulo Kanerez será a persoa que se encarga de ir en busca do prezado talismán que permita ao seu pobo liberarse dos perigos.

Non faltan nesta difícil e complicada tarefa que se lle presenta ao protagonista un adversario da propia tribo que intenta-

Un excelente relato épico



MARÍA NAVARRO



rá arre-batarlle o posto de privilexio, unha loita encarnizada cun terrible monstro, unha idílicas horas de amor cunha fermo-

sa doncela, uns momentos de recolloemento agradecendo a axuda que lle dispensaron e unha boa dose de sinxeleza e humanidade que o faga digno sucesor do druída desaparecido. A fantasía e a maxia maniféstanse neste relato épico, que vén ser *O talismán dos druídas*, como entes activos que forman parte da vida dun pobo e que se constitúen ao mesmo tempo en dignos vínculos entre a vida terreal e o máis alá, permitíndolle ao lector disfrutar dunhas páxinas nas que o sentido da xustiza, o honor, o profundo respecto polos demais, o medo, a intriga ou a bondade ateigan unha narración que merece un posto significativo entre este tipo de novelas da literatura universal.

Pepe Carballude, autor de numerosas obras como *Os Gafafellos*, *Investigación 091*, *A fraga misteriosa* ou *A historia do home-can*, entre outros moitas, afíanzase como un dos narradores de referencia na nosa lingua e deixa o seu público lector un desexo de coñecer como se desenvolve a vida entre os Nerios unha vez que o talismán obra no seu poder.

CARBALLUDE, Pepe, O talismán dos druídas, Ed. Everest Galicia, A Coruña, 2006, 109 páxinas